



PROCEDEMENTO

Aprobación do Regulamento electoral para a elección a membros da Asemblea Xeral, Presidente e Comisión Delegada da Federación Galega de Hockei. Proceso electoral 2018-2022.

ANTECEDENTES

Primeiro. A Federación Galega de Hockei na Asemblea Xeral Extraordinaria do 28 de xuño de 2018 aprobou o Regulamento electoral para a elección de membros á asemblea xeral, Presidente e Comisión delegada e o calendario electoral. Na mesma asemblea autorízase á Xunta Directiva ou ao presidente da federación para realizar as posibles modificacións no Regulamento ou no Calendario Electoral que sexan suxeridas pola Secretaría Xeral para o Deporte.

Segundo. O 3 de xullo de 2018 a Federación Galega de Hockei remitiu á Secretaría Xeral para o Deporte o regulamento e o calendario electoral coas datas estimadas de inicio e remate do proceso electoral.

Terceiro. O 13 de xullo a Federación Galega de Hockei remitiu á Secretaría Xeral para o Deporte a acta da Asemblea Xeral Extraordinaria do 28 de xuño de 2018.

Cuarto. O 13 de agosto de 2018 a secretaria xeral para o Deporte resolve devolver á Federación Galega de Hockei o texto do regulamento electoral e do calendario electoral para a súa emenda, concedéndolle un prazo de dez (10) días hábiles, a contar desde a recepción da súa notificación, para a súa nova remisión e aprobación definitiva

Quinto. O 31 de agosto de 2018 o Presidente da Federación Galega de Hockei aproba e remite o novo regulamento electoral e o calendario electoral incorporando as emendas formuladas pola Secretaría Xeral para o Deporte.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS

1. Segundo o disposto no artigo 17.3 do Decreto 16/2018, do 15 de febreiro, polo que se establecen as bases e os criterios para a elaboración dos regulamentos electorais que deben rexer a realización dos procesos electorais nas federacións deportivas galegas: "A Secretaría Xeral para o Deporte resolverá, no prazo máximo dun mes, desde a entrada do regulamento no seu rexistro, sobre a súa aprobación ou a súa devolución para a emenda daquelas normas do regulamento que non se axusten ao disposto no presente decreto.





Neste último suposto, indicáranse estas e concederanse dez días hábiles para proceder á dita emenda. Transcorrido un mes sen que a Secretaría Xeral para o Deporte dite ningunha resolución entenderase aprobado o regulamento”.

2. O artigo 17.4. de dito regulamento establece que realizadas as modificacións, o novo regulamento remitirase á Secretaría Xeral para o Deporte para a súa aprobación definitiva.

3. A resolución aprobatoria do regulamento electoral pola Secretaría Xeral para o Deporte esgotará a vía administrativa e unicamente poderá ser obxecto de recurso contencioso administrativo.

De conformidade con todo o indicado, esta Secretaria Xeral

Resolve: Aprobar o regulamento electoral para a elección a membros da Asemblea Xeral, Presidente e Comisión Delegada da Federación Galega de Hockei e o calendario electoral, aprobado pola Asemblea Xeral Extraordinaria do 28 de xuño de 2018 de 2018 e emendado polo presidente da Federación o 31 de agosto de 2018.

En ningún caso poderase impugnar ante o Comité Galego de Xustiza Deportiva o contido do regulamento.

A convocatoria das eleccións, xunto coa documentación do artigo 15.4 do Decreto 16/2018, do 15 de febreiro, se comunicará á Secretaría Xeral para o Deporte xunto coa certificación do/a secretario/a da Federación Galega de Hockei, no prazo de tres días desde a súa publicación.

A presente resolución notificarase á interesada, facéndolle saber que esgota a vía administrativa e que contra a mesma poderá interpoñerse recurso contencioso administrativo perante a sola do contencioso administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses a partir do día seguinte o da súa notificación, consonte ao disposto no artigo 46 da Lei 29 / 1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contenciosa administrativa, sen prexuízo de que os interesados poidan exercer calquera outro que estimen pertinente.

Santiago de Compostela,
A secretaria xeral para o Deporte.
Marta Míguez Telle.

